



BOLETÍN INFORMATIVO Nº 9 - NOVIEMBRE - 05

ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Rúa Miguel de Cervantes nº 47 - 27003 **Tfno:** 982 284111 **Fax:** 982 231203

Allariz: Rúa do Portelo, 4 - 32.660 - Ourense **Tfno:** 988 442 428

Correo Electrónico: ovica@mundo-r.com

Páxina web: www.ovica.org

ACTIVIDADES:

I FORO DA GANDEIRÍA LUCENSE.

OVICA participou xunto cos consellos reguladores Ternera Gallega e Lacón Galego no I FORO DA GANDEIRÍA LUCENSE. Estas xornadas técnicas, que coincidiron coa feira EXPOLUGO 2005, celebráronse os días 6,7 e 8 de outubro no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo, e foron inauguradas polo Delegado Provincial da Consellería de Medio Rural D. Emilio López Pérez.

A participación do OVICA materializouse o último día das xornadas, adicado ó sector ovino, coa ponencia "Retos na comercialización de ovino e caprino". Esta ponencia foi impartida polo xerente da cooperativa COVIGA Xosé Manuel Romero Rodríguez.

Logo da ponencia houbo unha mesa redonda sobre a "Evolución do ovino e caprino en Galicia". Nesta mesa redonda participaron:

- Francisco Ónega: representando á U.S.C.
- Xosé Antón Ledo: representado ó sector productivo.
- Bernardo Varela: representando ó sector lácteo.
- Xosé Manuel Romero: representado a COVIGA.
- Vitor Otero: moderador e representante de OVICA.



Curso de OVINO - CABRÚN en A Fonsagrada (Lugo).

A oficina agraria comarcal de A Fonsagrada organizou para este mes de novembro un curso para gandeiros de ovino - cabrún.

Este curso esta dirixido fundamentalmente á mellora dos aspectos productivos, sanitarios e á mellora da comercialización dos gandeiros/as da comarca.

Participarán como poñentes técnicos da consellería de Medio Rural, do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, da Escola Silvo-Pastoril de Allariz, de OVICA e de COVIGA.

O curso desenrolase nos locais da Oficina Agraria Comarcal de A Fonsagrada entre os días 8 e 17 de novembro de 2005 de 10:00 a 14:00.



Naves móbiles. Juan Veres Fernández (Guitiriz - Lugo).

RAZAS: Hampshire Down.



Orixe: Reino Unido

Producción: Carne. Animais macizos, anchos e curtos de patas.

ASAMBLEA:

Asemblea anual de socios/as de OVICA.

O sábado, día 26 de novembro, celebrarase en Sarria (Lugo) a asemblea xeral de socios, o lugar elixido será o Hotel NH Alfonso IX (Rúa do Peregrino, 29 - Sarria).

A asemblea comezará ás 10:00 e rematará as 14:00 horas cun xantar que terá un custo de 10 € / persoa.

Pregase comunicar asistencia



CAIXA RURAL GALEGA

COMPRA – VENTA

- Vende rebaño de ovellas e dereitos. José Luis (O Saviñao) – 650 95 91 98
- Vende 300 ovellas e dereitos. Ricardo (Baltar) – 988 466 531 / 617 703 340.
- Vende cachorros de *Bull Dog* con pedigree. Irene (A Estrada) – 986 57 81 31
- Vende cachorros de *Mastín* – Roberto (Ceceda – A Coruña) – 646 092 848
- Vende machos *Berrichón* (5 meses e 3 anos)– (Portomarín) - 676 030 978 / 982 15 78 16
- Véndese ou alquíbase nave en Baltar – Ourense. Ricardo Lorenzo 988 46 65 31
- Véndese rebaño con dereitos – Isolina Rúa (Sarreaus – Ourense) 652 943 966

NOVAS DE OVICA

OVICA entrevistase con Directores Xerais da Consellería do Medio Rural.

Directivos e técnicos de OVICA mantiveron unha xuntanza co Director Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria D. Antonio Santiago Oca Fernández e co Director Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal.

Nesta primeira xuntanza de traballo sentáronse as bases para a colaboración entre OVICA e a Consellería do Medio Rural. Esta colaboración terá como obxectivos fundamentais a curto, medio e longo prazo:

- A mellora productiva e sanitaria nas explotacións de ovino-cabrún.
- Creación dunha I. X. P. (Indicación Xeográfica Protexida) para o ovino galego.
- Apoio á instalación de novas explotacións.
- Apoio á introducción de rebaños de ovino-cabrún en montes veciñais en man común.

Nova traballadora.

Dende o pasado mes de outubro OVICA conta cunha nova Enxeñeiro Técnico Agrícola. Contratada a través do "Plan Labora" da Xunta de Galiza, Ana Vidal Quintás realiza o seu traballo no local de Allariz.



CONCESIÓN DE AXUDAS:

Implantación dun plan de reprodución en explotacións de ovino-caprino.

A Excm. Deputación Provincial de A Coruña ven de concederlle a OVICA unha axuda por un importe de 5.497,28 € para o desenrolo dun plan de reprodución.

Esta axuda permitiralle a OVICA adquirir un ecógrafo para o desenrolo do programa de reprodución nas explotacións da provincia de A Coruña.

Solicitudes de alta de Agosto a Outubro:

Iluminada Barreiro Méndez (Páramo - Lugo)
Fco. Javier Arias Rivera (Verea - Ourense)
Fco. José Estevez Moreno (C de Randín - Ou)
M^a Dolores Otero Valado (Verea - Ourense)
Judith Bárbara Sunye (Bande - Ourense)
Teresa Caneiro Conde (X. Espadañedo - Ou)
José Jares García (Viana do Bolo - Ourense)
Julio Fernandez Rodríguez (Lugo)
Carlos Arias López (Friol - Lugo)
José Fanego Campo (Friol - Lugo)

NORMATIVA.

Asociados de OVICA solicitarán permiso para pastorear en terreos afectados polo lume.

OVICA presentará ante a delegación provincial de Ourense unha solicitude conxunta para que todos/as os/as asociados/as que viron afectadas as súas zonas de pastoreo polo lume poidan utilizalas sen ser sancionados.

Técnicos de OVICA contactaron cos asociados/as da provincia de Ourense para presentar un informe ante a Consellería do Medio Rural no que figuren as explotacións afectadas pola actual prohibición de pastorear en terreos queimados.

O Delegado Provincial de Ourense manifestou a súa intención de autorizar o pastoreo naqueles casos nos que, previo informe de técnicos da consellería, se demostre que o lume non tivo relación coa actividade do pastoreo.

PAGO DA PRIMA OVINO – CABRÚN:

Adianto no pago da prima de ovino-cabrún.

Despois de que OVICA solicitara, por escrito, ante a Consellería de Medio Rural que o pagamento da prima de ovino-cabrún se realice o antes posible en Galiza.

Fontes da Consellería de Medio Rural anunciaron que o pagamento se realizará na última semana do mes de Novembro deste ano 2005. Isto supón un adianto considerable respecto dos últimos anos nos que o pagamento se viña facendo a finais do mes de Decembro.

FORMACIÓN:

Cursiño específico de caprino.

O martes 13 de decembro OVICA e COVIGA organizarán un curso específico de caprino. Todos aqueles interesados poden anotarse contactando cos locais de Lugo ou Allariz.

